

ENQUISA DE EMPREGABILIDADE

“Prospección de emprego, necesidades formativas en competencias transversais, liñas de colaboración con empresas”



Consello Social
Universidade de Vigo



1. Presentación	4
2. Selección e análise da mostra	5
RESULTADOS DA ENQUISA (375 EMPRESAS E ENTIDADES)	8
3. Datos xerais da empresa e sector de actividade	8
3.1 Sector de actividade	8
3.2 IEBT	9
3.3 Spin Off.....	9
3.4 Ámbito xeográfico da actividade da empresa.....	9
3.5 Volume de facturación no último ano	9
3.6 Nº de centros de traballo (de 1 a 10 e máis de 10)	10
4. Situación económica	11
4.1 Situación económica actual	11
4.2 Previsións da situación económica no futuro	11
4.3 Potencialidades do sector	11
4.4 Principais problemas do sector	12
4.5 Expectativas de ampliación do negocio	12
5. Datos respecto do cadro de persoal.....	15
5.1 Número, xénero e nivel de estudos	15
5.2 Formación dos traballadores. Tipo de formación recibida.....	16
5.3 Previsión da evolución do emprego. En que especialidades?.....	17
6. Selección de persoal.....	18
6.1 Medios de contratación de persoal	18
6.2 Importancia dos métodos de selección.....	18
7. Datos respecto ao alumnado en prácticas.....	20
7.1 Competencias nas que as empresas detectan carencias.....	20
7.2 Alumnos contratados trala realización de prácticas. Ámbito.....	21
8. Colaboración coa Universidade de Vigo	22
8.1 Colaboración actual	22
8.2 Áreas de colaboración de interese para as empresas.....	22
9. Principais resultados da enquisa.....	23
ANEXOS.....	27
ANEXO I: ENQUISA DE EMPREGABILIDADE UVIGO.....	28
ANEXO II: GRUPO CNAE.....	39

1. Presentación

O Consello Social e a Fundación Universidade de Vigo veñen colaborando nos últimos dez anos na elaboración de estudos e informes de interese para a comunidade universitaria. Ambas entidades comparten o obxectivo de achegar a Universidade de Vigo á súa contorna social e económica e, entre outros, teñen como fins específicos: a realización de actuacións que favorezan a empregabilidade do alumnado, impulsar vías de colaboración con entidades e empresas, e a análise de distintos aspectos que podan apoiar o traballo universitario e o desenvolvemento local.

A Fundación Universidade de Vigo realiza a xestión de prácticas académicas extracurriculares, a xestión do programa de IEBTs da Xunta de Galicia, e colabora coa Área de Emprego e Emprendemento en distintas actividades formativas e de apoio ao emprego e á creación de empresas. Esta actividade proporciona un volume de datos e información valiosa para fixar liñas de traballo de cara á empregabilidade do alumnado.

Este informe é o resultado da realización de dous traballos:

- ✓ A clasificación das empresas e entidades coas que a Universidade de Vigo ten formalizados convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.

Neste apartado inclúese a clasificación das empresas por forma xurídica, sector de actividade, tamaño e volume de facturación.

- ✓ A análise dos resultados da “Enquisa de empregabilidade” realizada a ditas empresas.

A enquisa foi realizada a 1999 empresas e respostada por 375. Nela abórdase a situación actual das mesmas; as súas expectativas de futuro; o perfil de traballadores/as, métodos de selección e perspectivas de creación de emprego; e as posibles liñas de colaboración coa Universidade.

Os seus resultados permiten avanzar en distintos obxectivos. Entre outros:

- Identificar aqueles sectores empresariais que presentan maior dinamismo e teñen polo tanto maior potencial de crecemento e de xeración de emprego,
- Detectar os perfís profesionais máis demandados,
- Analizar posibles carencias formativas no ámbito de distintas competencias,
- Identificar novas canles de colaboración entre a universidade e o sector empresarial que permitan detectar oportunidades para ambos.

2. Selección e análise da mostra

1º. Identificación de empresas e entidades colaboradoras


Elaboración dunha base de datos coa totalidade de empresas con convenio de cooperación educativa vixente coa Universidade de Vigo. Téñense en conta os xestionados pola Fundación Universidade de Vigo e por todos os órganos con competencias na materia, Vicerreitorías de Estudantes, Campus de Pontevedra e Campus de Ourense.

O resultado acada 2.489 empresas e entidades. A clasificación por tipo de entidade xurídica presenta a seguinte distribución:




2º. Selección da mostra final de empresas para a realización da enquisa


Procédese a filtrar a base de datos anterior para elaborar a lista de empresas e entidades a quen se dirixe a enquisa, resultando unha mostra de 1.999 empresas. A diferenza entre ambas listaxes está principalmente en administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro. Clasificación por natureza xurídica da mostra (1.999 empresas):



Clasificación por volume de facturación da mostra (1.999 empresas):




Clasificación por grupo CNAE



3º. Número de cuestionarios de empresas recibidos

O número de respostas obtidas é de 375 empresas e entidades. A clasificación por forma xurídica das respostas obtidas é a seguinte:




RESULTADOS DA ENQUISA (375 EMPRESAS E ENTIDADES)

3. Datos xerais da empresa e sector de actividade

3.1 Sector de actividade

SECTOR DE ACTIVIDADE-GRUPO CNAE	Nº
M.- Actividades profesionais, científicas e técnicas	114
G.- Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	44
C.- Industria manufactureira	38
J.- Información e comunicacións	35
P.- Educación	29
N.- Actividades administrativas e servizos auxiliares	23
F.- Construción	19
I.- Hostalaría	12
S.- Outros servizos	12
Q.- Actividades sanitarias e de servizos sociais	11
R.- Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	11
K.- Actividades financeiras e de seguros	9
H.- Transporte e almacenamento	7
Outros CNAE (A, B, D, E, L, O)	11
TOTAL	375



3.2 IEBT

É a empresa IEBT (Iniciativa de emprego de base tecnolóxica?; Está cualificada como IEBT pola Xunta de Galicia?


O 4% das empresas que responderon á enquisa son IEBTs, 14 empresas.

3.3 Spin Off

É a empresa unha Spin Off da Universidade de Vigo?


O 1% das empresas son Spin Off, 5 empresas, todas elas IEBTs.

3.4 Ámbito xeográfico da actividade da empresa




3.5 Volume de facturación no último ano

FACTURACIÓN	Nº EMPRESAS
Ata 300.000 €	168
De 300.000 € ata 600.000 €	48
De 600.000 € ata 1.000.000 €	24
De 1.000.000 € ata 5.000.000 €	62
De 5.000.000 € ata 10.000.000 €	23
Máis de 10.000.000€	50
TOTAL	375



3.6 Nº de centros de trabajo (de 1 a 10 e máis de 10)


Nº CENTROS DE TRABALLO	
1	226
2	58
3	25
4	12
5	8
6	2
7	3
8	7
9	3
Máis de 10	31
TOTAL	375



4. Situación económica

4.1 Situación económica actual


Na súa opinión, a situación económica actual do seu sector de actividade podería cualificarse de (moi mala a moi boa de 1 a 5)



(5 EMPRESAS N/C)

4.2 Previsións da situación económica no futuro

Na súa opinión, a situación económica do seu sector de actividade nun futuro próximo podería cualificarse de (moi mala a moi boa de 1 a 5)




(7 EMPRESAS N/C)

4.3 Potencialidades do sector


Cales cree que son as tres principais potencialidades do seu sector?

(34 EMPRESAS N/C)



4.4 Principais problemas do sector

E cales considera, de ser o caso, os principais problemas?




4.5 Expectativas de ampliación do negocio

Existen expectativas de ampliación do negocio nos próximos 2 anos?


O 63% das empresas teñen expectativas de ampliación do negocio.

Actividade prevista de ampliación

Si contestou que Si á pregunta anterior, podería detallar brevemente a actividade prevista de ampliación do seu negocio nos próximos 2 anos? (incremento de vendas, novos produtos ou servizos, creación de novas empresas, outras)




*Mercado ao que se dirixe
Respecto a dita actividade, a que mercado se dirixe?*




A que rexións concretas se dirixe na próxima ampliación do seu negocio nos 2 próximos anos? (Europa, América, Asia, África, Oceanía)

(100 RESPONSTAS RECIBIDAS DE 238 QUE TEÑEN EXPECTATIVAS DE AMPLIACIÓN)



Previsión evolución de facturación


Marque con X cal é a previsión na evolución das vendas da empresa nos próximos 2 anos




5. Datos respecto do cadro de persoal

5.1 Número, xénero e nivel de estudos


Cadro de persoal actual (incluíndo socios/as traballadores)



Este cadro de persoal está conformado na súa maioría por:




O nivel de estudos dos/as traballadores/as da empresa é maioritariamente:




5.2 Formación dos traballadores. Tipo de formación recibida

Reciben os traballadores/as algún tipo de formación a través da empresa?



(VARIAS EMPRESAS RESPONDEN A MÁIS DUNHA OPCIÓN)


En caso afirmativo indique que tipo de formación (materias)



(VARIAS EMPRESAS RESPONDEN A MÁIS DUNHA OPCIÓN)

5.3 Previsión da evolución do emprego. En que especialidades?


Marque cun X cal é a previsión na evolución do emprego na empresa nos próximos 2 anos



Prevé ampliar o cadro de persoal no curto prazo?

O 46,93% das empresas teñen previsto ampliar o cadro de persoal.

En caso afirmativo, en que especialidades? (persoal directivo, mandos intermedios, persoal técnico,...)




(VARIAS EMPRESAS RESPONDEN A MÁIS DUNHA OPCIÓN)

6. Selección de persoal

6.1 Medios de contratación de persoal


Respecto da súa política de contratación de persoal, ante unha necesidade concreta, como se cobren as vacantes? Acudindo a: (sinale aquelas canles que utilice)



(VARIAS EMPRESAS RESPONDEN MÁIS DE UNA OPCIÓN)


6.2 Importancia dos métodos de selección

Sinale a importancia que lle dá aos seguintes factores e métodos de selección á hora de contratar persoal, sendo 5 os de maior importancia: (sinale só aqueles que se realicen ou teña en conta na empresa)



1º. Importancia das competencias transversais

Valore a importancia que ten na súa organización que o persoal contratado ou candidatos/as a contratar teñan as seguintes competencias ou capacidades:




2º. Postos con dificultade para cubrir

Atopan con facilidade o perfil que demandan?

O 41,87% das empresas atopan con facilidade o perfil que demandan.


De ser o caso, indique os postos de traballo que á súa empresa lle resulta máis difícil cubrir:



7. Datos respecto ao alumnado en prácticas


7.1 Competencias nas que as empresas detectan carencias.

Se fora o caso, en cales das seguintes competencias detectou carencias no alumnado en prácticas e cree que deberían ser fortalecidas?




7.2 Alumnos contratados trala realización de prácticas. Ámbito.

Cantos alumnos foron contratados nos dous últimos anos, trala realización de prácticas académicas, na súa empresa?




De que ámbito?



8. Colaboración coa Universidade de Vigo


8.1 Colaboración actual

Cal é a súa colaboración coa Universidade de Vigo?



8.2 Áreas de colaboración de interese para as empresas

Gustaríalles colaborar nalgún ámbito concreto coa Universidade de Vigo?



9. Principais resultados da enquisa

Sobre o conxunto de empresas e entidades colaboradoras

- I. A Universidade de Vigo ten 2.489 convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas asinados. O 67% das entidades colaboradoras son sociedades limitadas e anónimas, principalmente sociedades limitadas; e o seguinte bloque en importancia son as administracións públicas, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que representan o 18% do total.
- II. Sobre o conxunto de entidades, dispónse de datos económicos de 1.505 empresas. Destas, facturan menos de 750.000€ o 50%; entre 750.000€ e 3.000.000€ o 19%; e máis de 3 millóns de euros o 31%.
- III. Os sectores de actividade ao que pertencen as entidades e empresas son fundamentalmente 5: actividades profesionais, científicas e técnicas; industria manufactureira; comercio e reparación de vehículos; educación; e información e comunicacións.

Sobre a mostra da enquisa realizada

Datos xerais


- IV. A mostra da enquisa correlaciónase co conxunto das empresas colaboradoras nas variables de sector de actividade e volume de facturación sinalados no apartado anterior.
- V. O 20% das empresas facturan máis de 5 millóns de euros.
- VI. O 35% das empresas operan no ámbito internacional.
- VII. 14 empresas son IEBT, sendo empresas pequenas que operan principalmente no ámbito internacional. Teñen un alto número de alumnos en prácticas.
- VIII. Unha ampla porcentaxe de empresas, o 60% contan cun único centro de traballo. O 14% contan con máis de 5 centros, 54 empresas.

Situación económica

- IX. En relación á situación económica tres cuartos das empresas indican que a situación é estable, boa e moi boa. E respecto á evolución futura esta porcentaxe mellora, só un 12% das empresas consideran que a situación económica no futuro é mala ou moi mala.
- X. As principais potencialidades que sinalan as empresas son as seguintes por orde de importancia: pertencer a un sector en crecemento; investigación e innovación tecnolóxica suficiente no sector; facilidade de acceso as canles de distribución; baixa ameaza de produtos/servizos substitutivos.

- XI. Os principais problemas que sinalan as empresas por orde de importancia son: alto volume de competidores; escasa dispoñibilidade de recursos financeiros; alta ameaza de produtos/servizos substitutivos; e investigación e innovación tecnolóxica suficiente no sector.
- XII. O 63% das empresas teñen expectativas de ampliación do negocio, principalmente polo incremento nas vendas e a introdución de novos produtos ou servizos.

Esta ampliación está dirixida ao mercado internacional e estatal principalmente. Destacar que o 42% das empresas diríxense ao mercado internacional, Europa e América principalmente.



Emprego

- XIII. En relación ao cadro de persoal: 2/3 das empresas teñen menos de 50 traballadores; 1/3 sinalan que teñen unha plantilla paritaria entre homes e mulleres; e o 57% indica que o nivel de estudos dos traballadores/as é maioritariamente estudos superiores.
- XIV. Unha ampla maioría das empresas realizan formación, a cargo da empresa ou formación continua. Só 34 empresas sinalan que non realizan formación.

Por orde de importancia o tipo de formación realizada é a seguinte: formación técnica; habilidades persoais e sociais, informática; idiomas.

- XV. O 50% das empresas estiman que a xeración de emprego nos vindeiros dous anos terá un incremento moderado. Só o 5% estiman un forte incremento do emprego; ao igual que outro 5% estima que destruírá emprego.
- As empresas que valoran como boa ou moi boa a situación económica actual e futura, e ademais teñen previsto ampliar o cadro de persoal no curto prazo, son principalmente empresas pequenas (68%) e medianas (13%), dos sectores de actividade de actividades profesionais, científicas e técnicas (27%); información e comunicacións (15%) e comercio, reparación de vehículos (13%). O ámbito xeográfico de actividade destas empresas é fundamentalmente o ámbito internacional (44%), estatal (22%) e autonómico (16%).
- XVI. Os principais medios utilizados para a contratación de persoal son os departamentos das propias empresas, seguido de universidades e institutos de formación profesional; e ocupan o último lugar como método de selección os servizos públicos de emprego.
- XVII. En relación á importancia nos métodos e factores que inflúen á hora de contratar, os principais son: entrevista, a experiencia e a realización de prácticas en empresa.
- XVIII. As competencias e capacidades máis valoradas por orde de importancia son: sentido da responsabilidade; capacidade de aprendizaxe; traballo en equipo; resolución de problemas.
- XIX. O 58% das empresas sinalan que non atopan con facilidade o perfil que necesitan.
- XX. Os postos con maior dificultade para ser cubertos polas empresas son o persoal técnico e os mandos intermedios.

Alumnado en prácticas

- XXI. As competencias que sinalan as empresas como principais carencias do alumnado en prácticas son: iniciativa; resolución de problemas; habilidades de comunicación oral e escrita; e autonomía.
- XXII. O 62% das empresas sinalan que contrataron entre 1 e 5 persoas das que realizaron prácticas na empresas.
- Un 31% sinala que non contrataron a ningún dos/as alumnos/as que realizaron prácticas.
- O alumnado contratado foi principalmente dos ámbitos de ciencias sociais, xurídicas, e enxeñaría.

Liñas de colaboración coa Universidade de Vigo

- XXIII. O 56% das empresas, 210, indican que estarían interesadas en colaborar coa universidade de Vigo en actividades distintas á realización de prácticas: ofertas de emprego (96 empresas); xornadas formativas (96); xornadas sectoriais (87); colaboración con grupos de investigación (84); selección de persoal (70); feiras de emprego e outros eventos (32). O 5,24 % sinalan a vontade de colaborar en todas as propostas detalladas na enquisa realizada.

O 34% das empresas que están interesadas en colaborar en 3 ou máis ámbitos pertencen principalmente aos sectores: actividades profesionais, científicas e técnicas; educación; industria manufactureira e comercio ao por maior e ao por menor, reparación de vehículos de motor e motocicletas.

ANEXOS

*Obrigatorio

1. Referencia *

Datos xerais da empresa e sector de actividade

2. CNAE
3. Descrición da actividade principal da empresa *
4. Sector de actividade *

Marca só unha oval.

- Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca
- Industrias extractivas
- Industria manufactureira
- Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
- Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación
- Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas
- Transporte e almacenamento
- Hostalaría
- Información e comunicacións
- Actividades financeiras e de seguros
- Actividades inmobiliarias
- Actividades profesionais, científicas e técnicas
- Actividades administrativas e servizos auxiliares
- Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria
- Educación
- Actividades sanitarias e de servizos sociais
- Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
- Outros servizos
- Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para o uso propio
- Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais

5. A empresa é unha IEBT(iniciativa de emprego de base tecnolóxica)?

A empresa está cualificada como IEBT pola Xunta de Galicia?

Marca só unha oval.

- Si
- Non

6. A empresa é unha spin-off da Universidade de Vigo?

Marca só unha oval.

- Si
- Non

7. Ámbito de actividade da empresa *

Marca só unha oval.

- Local
- Provincial
- Autonómico
- Estatal
- Internacional

8. Volume de facturación no último ano *

Marca só unha oval.

- Ata 300.000 €
- 300.000 €-600.000 €
- 600.000 €-1.000.000 €
- 1.000.000 €-5.000.000 €
- 5.000.000 €-10.000.000 €
- Máis de 10.000.000€

9. Número de centros de traballo *

Marcar só unha oval por fila.

<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Máis de 10
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10		

10. Na súa opinión, a situación económica do seu sector de actividade, na actualidade, podería cualificarse de:

Sendo o 1 moi mala e o 5 moi boa

Marca só unha oval.

1 2 3 4 5

Moi mala

Moi boa

11. Na súa opinión, a situación económica do seu sector de actividade, nun futuro próximo, podería cualificarse de:

Marca só unha oval.

1 2 3 4 5

Moi mala

Moi boa

12. Cales cree que son as tres principais potencialidades do seu sector?

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Sector en crecemento
- Forte apoio institucional
- Investigación e innovación tecnolóxica no sector suficiente
- Facilitade de acceso ás canles de distribución
- Facilitade no transporte e abastecemento
- Boa dispoñibilidade de recursos financeiros
- Escaso poder de negociación da clientela
- Escaso poder de negociación dos provedores
- Baixo volume de competidores con escasa rivalidade entre empresas
- Baixa ameaza de produtos/servizos substitutivos
- Altas barreiras de entrada ao sector
- Escasas barreiras de saída do sector
- Outro:

13. E cales considera, de ser o caso, os tres principais problemas?

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Sector en declive
- Escaso apoio institucional
- Investigación e innovación tecnolóxica no sector insuficiente
- Dificultade no acceso ás canles de distribución
- Dificultade no transporte e abastecemento
- Escasa dispoñibilidade de recursos financeiros
- Alto poder de negociación da clientela
- Alto poder de negociación dos provedores
- Alto volume de competidores con alta rivalidade entre empresas
- Alta ameaza de produtos/servizos substitutivos
- Poucas barreiras de entrada ao sector
- Altas barreiras de saída do sector
- Outro:

14. Existen expectativas de ampliación do negocio nos próximos 2 anos? *

Marca só unha oval.

- Si Pasa á pregunta 15.
- Non Pasa á pregunta 18.

Expectativas de ampliación do negocio

15. Si contestou que si á pregunta anterior, podería detallar brevemente a actividade prevista de ampliación do seu negocio nos próximos 2 anos? *

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Incremento de vendas do produto ou servizo
- Novos produtos ou servizos
- Creación de novas empresas
- Outro:

16. Respecto a devandita actividade: A que mercado se dirixe?

Marca só unha oval.

- Local Pasa á pregunta 18.
- Provincial Pasa á pregunta 18.
- Autonómico Pasa á pregunta 18.
- Estatal Pasa á pregunta 18.
- Internacional Pasa á pregunta 17.

Expectativas de ampliación do negocio

17. A que rexións concretas se dirixe na próxima ampliación ,nos dous próximos anos, do seu negocio?

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Europa
- América
- Asia
- África
- Oceanía

Previsións de evolución da empresa

18. Marque cal é a previsión na evolución das vendas da empresa nos próximos dous anos

Marca só unha oval.

- Forte incremento
- Incremento moderado
- Permanece estable
- Decremento moderado
- Forte decrecemento

19. Marque cal é a previsión na evolución do emprego da empresa nos próximos dous anos

Marca só unha oval.

- Forte incremento
- Incremento moderado
- Permanece estable
- Decremento moderado
- Forte decrecemento

20. Ten previsto ampliar o cadro de persoal no curto prazo? *

Marca só unha oval.

- Si Pasa á pregunta 21.
- Non Pasa á pregunta 22.

Previsións de evolución da empresa

21. En caso afirmativo, en que especialidades ten previsto ampliar o cadro de persoal a curto prazo? *

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Persoal directivo
- Cargos intermedios
- Persoal técnico vinculado á actividade da empresa
- Persoal administrativo
- Operarios/as. Persoal de taller e fábrica
- Outro persoal de servizos
- Comerciais
- Outro:

Datos respecto do cadro de persoal actual da empresa

22. Cadro de persoal actual (incluídos os socios/as traballadores): número total *

Marcar só unha oval por fila.

Ata 10	De 11 a 50	De 51 a 250	Máis de 250
empregados/as	empregados/as	empregados/as	empregados/as

23. Este cadro de persoal está conformado na súa maioría por *

Marca só unha oval.

- Homes
- Mulleres
- Igual número de homes e de mulleres

24. O nivel de estudos dos traballadores/as da empresa é maioritariamente *

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Estudos superiores
- Formación profesional
- Bacharelato
- Ensinanza secundaria
- Ensinanza primaria
- Sen estudos

25. Reciben os traballadores/as algún tipo de formación a través da empresa?

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Non se realiza formación
- Si, formación continua subvencionada
- Si, o custo do cal asume a empresa total ou parcialmente
- Autoformación
- Outro:

Datos respecto do cadro de persoal actual da empresa

26. En caso afirmativo, indique que tipo de formación (materias) reciben os traballadores/as

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Formación técnica vinculada ao posto de traballo
- Habilidades persoais e sociais
- Coñecementos informáticos
- Idiomas
- Outro:

Datos respecto á selección e creación de emprego

27. Respecto da súa política de contratación de persoal, ante unha necesidade concreta, como se cobren as vacantes? Acódese a: *

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Departamento de persoal da propia empresa
- Universidades
- Institutos de formación profesional
- Servizo Galego de Colocación
- Empresas externas de selección
- Convocatorias en prensa (anuncios)
- Outro:

28. Sinale a importancia que lle dá aos seguintes factores e métodos de selección á hora de contratar persoal, sendo 5 os de maior importancia:

(sinale só aqueles que se realicen ou teña en conta na empresa)

Marcar só unha oval por fila.

	1	2	3	4	5
Entrevista					
Expediente académico					
Experiencia					
Currículo no seu conxunto					
Realización de prácticas na propia empresa					
Recomendacións de terceiras persoas					
Dinámicas de grupo					
Psicotécnicos					

29. Valore a importancia que ten na súa organización que o persoal contratado ou candidatos/as a contratar teñan as seguintes competencias ou capacidades:

Marcar só unha oval por fila.

	1	2	3	4	5
Capacidade técnica directamente relacionada co posto					
Capacidade de aprendizaxe					
Idiomas					
Coñecementos informáticos					
Administración de traballos					
Orientación a resultados					
Comunicación oral e escrita					
Habilidades nas relacións interpersoais					
Sentido da responsabilidade					
Cooperación					
Creatividade					
Iniciativa					
Autonomía					
Traballo en equipo					
Resolución de problemas					
Negociación					
Rendemento baixo presión					
Tolerancia á frustración					
Liderado					
Coñecemento doutras culturas					

30. Atopan con facilidade o perfil que demandan? *

Marca só unha oval.

- Si Pasa á pregunta 33.
- Non Pasa á pregunta 31.

Datos respecto á selección e creación de emprego

31. Que postos de traballo lle resulta máis difícil de cubrir no caso de ter dificultades para atopar o perfil que demandan?

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Persoal directivo
- Cargos intermedios
- Persoal administrativo
- Persoal técnico vinculado á actividade da empresa
- Operarios/as. Persoal de taller e fábrica.
- Outro persoal do sector de servizos
- Comerciais
- Outro:

32. De ser o caso, indique se teñen unha especial dificultade para cubrir algún posto concreto (exemplo: informático/falla de candidatos/as)

Datos respecto do alumnado en prácticas da empresa

33. En cales das seguintes competencias detectou carencias no alumnado en prácticas e cre que se deberían fortalecer? *

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Administración de traballos
- Orientación a resultados
- Habilidades de comunicación oral e escrita
- Habilidades nas relacións interpersoais
- Sentido da responsabilidade
- Cooperación
- Autonomía
- Iniciativa
- Traballo en equipo
- Resolución de problemas
- Negociación
- Rendemento baixo presión
- Tolerancia á frustración
- Liderado
- Creatividade
- Ningunha

34. Cantos alumnos/as foron contratados nos dous últimos anos, tras realizar prácticas académicas, na súa empresa? *

Marcar só unha oval por fila.

Ningún De 1 a 5 De 6 a 10 Máis de 10

35. De que ámbito?

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Artes e humanidades
- Ciencias da saúde
- Ciencias
- Enxeñaría e arquitectura
- Ciencias sociais e xurídicas

Sobre a vinculación da súa organización coa Universidade de Vigo

36. Cal é a súa colaboración coa Universidade de Vigo? *

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Convenio para realizar prácticas do alumnado
- Uso do servizo de ofertas de emprego da Universidade
- Colaboración con centros, facultades ou outras áreas, para a seleccionar persoal para a empresa
- Colaboración en feiras de emprego e outros eventos
- Colaboración en xornadas arredor do sector de actividade ao que pertence a empresa
- Colaboración en xornadas formativas
- Colaboración con grupos de investigación
- Outro:

37. Gustaríalles colaborar nalgún ámbito concreto coa Universidade de Vigo?

Selecciona todas as opcións que correspondan.

- Convenio para a realizar prácticas do alumnado
- Uso do servizo de ofertas de emprego da Universidade
- Colaboración con centros, facultades ou outras áreas, para seleccionar persoal para a empresa
- Colaboración en feiras de emprego e outros eventos
- Colaboración en xornadas arredor do sector de actividade ao que pertence a empresa
- Colaboración en xornadas formativas
- Colaboración con grupos de investigación
- Outro:

38. Outras observacións/suxestións que queira realizar

ANEXO II: GRUPO CNAE

- A.- Agricultura, gandería, silvicultura e pesca
- B.- Industrias extractivas
- C.- Industria manufactureira
- D.- Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
- E.- Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación
- F.- Construción
- G.- Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas
- H.- Transporte e almacenamento
- I.- Hostalaría
- J.- Información e comunicacións
- K.- Actividades financeiras e de seguros
- L.- Actividades inmobiliarias
- M.- Actividades profesionais, científicas e técnicas
- N.- Actividades administrativas e servizos auxiliares
- O.- Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
- P.- Educación
- Q.- Actividades sanitarias e de servizos sociais
- R.- Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
- S.- Outros servizos
- T.- Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
- U.- Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais

